

## ANEXO II

De conformidade co disposto no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo), o ministro de Educación e Ciencia acordou:

Que o título de (título estranxeiro), obtido por (nome e apelidos), nacido o (data de nacemento), de nacionalidade (...), na (universidade ou centro de educación superior) de (localidade e país) quede homologado ao título universitario oficial español de (título co cal se concede a homologación), cos mesmos efectos deste en todo o territorio nacional.

Na súa virtude, a Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións expide esta credencial, que acredita os efectos da dita homologación desde a súa data de expedición.

Madrid, de de  
O subdirector xeral.—Asdo.:

(N. de inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos)

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**19395** REAL DECRETO 2182/2004, do 12 de novembro, polo que se crea o Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral. («BOE» 276, do 16-11-2004.)

O artigo 45 da Constitución española establece que todos teñen o dereito a desfrutar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo.

A actuación dos poderes públicos na protección do ambiente debe ser particularmente intensa naqueles supostos en que o perigo para este se pon de manifesto con maior frecuencia. É o caso do transporte de mercaderías e, en especial, do transporte marítimo de mercaderías altamente contaminantes como son os hidrocarburos. O tránsito por augas baixo a xurisdición española de buques potencialmente contaminantes é especialmente intenso, o que, unido ás adversas condicións climatolóxicas frecuentes de determinadas zonas, converteu as nosas costas en especialmente sensibles na materia, con numerosos antecedentes de sinistros que ocasionaron unha grave contaminación.

As consecuencias deste tipo de sinistros chegan a transcender do plano interno, e requiren actuacións no nivel internacional e implican o conxunto das administracións públicas.

Por outra parte, o carácter multifactorial das actuacións que se deben pór en marcha indica a necesidade de contar cun centro, con vocación de permanencia, que asuma a tarefa de coordinar as actuacións dos diferentes órganos da Administración xeral do Estado con competencias na materia.

En consecuencia, o centro asumirá a dobre misión de, por unha parte, coordinar a actuación da Administración xeral do Estado e, por outra, cooperar activamente e de maneira eficaz coas comunidades autónomas e corporacións locais, mediante os mecanismos que a tal fin se establezan.

Finalmente, o proxecto supón a supresión dos órganos creados para atender as necesidades derivadas da catástrofe do buque «Prestige». Non obstante, ata que se

finalice o proceso de pagamento das compensacións económicas derivadas dos danos ocasionados por esta catástrofe, o Ministerio de Economía e Facenda seguirá exercendo, transitoriamente, as funcións relacionadas co aboamento das correspondentes indemnizacións.

Na súa virtude, por iniciativa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, por proposta do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,

## DISPONGO:

Artigo 1. *Creación do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.*

Para levar a cabo a coordinación das actuacións da Administración xeral do Estado e a colaboración coas comunidades autónomas e as corporacións locais en materia de prevención e loita contra a contaminación derivada do tráfico marítimo, créase no Ministerio da Presidencia o Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.

Artigo 2. *Dependencia e nomeamento.*

1. O centro constitúese como unha dirección xeral, con sede na Coruña, dependerá directamente do titular do ministerio e exerce as súas funcións en coordinación cos departamentos ministeriais competentes na materia e en colaboración coas restantes administracións territoriais.

2. O seu titular será nomeado por real decreto do Consello de Ministros, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia.

Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral as seguintes:

a) Analizar os plans e protocolos vixentes de actuación en situacións de crise, co obxecto, se é o caso, de formular propostas para a elaboración dun plan integral de continxencias no referido a actuacións no mar, en cuxa elaboración participarán activamente as comunidades autónomas e corporacións locais mediante os instrumentos que, en cada caso, se consideren oportunos, no marco das súas respectivas competencias.

b) Realizar e actualizar un inventario de medios humanos e materiais necesarios para manter unha adecuada prevención de riscos de contaminación no mar e, se é o caso, valorar, conxuntamente cos responsables da prestación directa do servizo, a necesidade de propor a súa mellora en termos cuantitativos e cualitativos.

c) Elaborar un censo de buques que transporten habitualmente substancias potencialmente perigosas e/ou contaminantes, para facilitar o seu seguimento polas autoridades marítimas competentes.

d) Colaborar coa Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), para potenciar as actuacións dos centros de salvamento existentes, referidas, especificamente, á loita contra a contaminación provocada por accidentes ou incidentes no tráfico marítimo, no marco do Plan nacional de servizos especiais de salvamento da vida humana no mar e da loita contra a contaminación do medio mariño.

e) Elaborar un plan integral de formación sobre prevención e loita contra a contaminación.

f) Recompilar información sobre sinistros marítimos, consecuencias e medidas adoptadas, para a súa incorporación a unha base de datos sobre antecedentes e expe-

riencias nesta materia. Esta base de datos integral mantense actualizada para coadjuvar ao correcto funcionamento das actuacións de vixilancia de buques potencialmente perigosos, recompilando e analizando datos e estatísticas, así como realizando estudos comparativos na materia.

g) Fomentar e dirixir estudos sobre novos sistemas de loita contra a contaminación, como a biorremediación, e sobre os efectos da contaminación no ambiente e, en xeral, fomentar a investigación científica e técnica na materia, en colaboración cos organismos públicos de investigación, as universidades e outras institucións públicas e privadas.

h) Elaborar, no marco do plan integral de continxencias, plans sectoriais de protección do litoral onde se definan as actuacións xerais en función da natureza da contaminación e as actuacións de restauración en función dos danos dos diferentes hábitat. Definir as necesidades humanas e materiais necesarias para, se é o caso, loitar contra a contaminación do litoral, así como prever o establecemento das correspondentes canles de distribución.

i) Convocar periodicamente reunións cos representantes dos organismos encargados de fixar políticas de protección ambiental no litoral para fixar prioridades e proxectos de investigación.

j) Avaliar e realizar un seguimento dos danos producidos pola contaminación marítima e costeira derivada da vertedura de substancias contaminantes, en colaboración coas administracións competentes.

k) Promover o asinamento de acordos de colaboración con organismos e institucións públicas e privadas dedicados ou relacionados coa contaminación marítima e costeira, e manter unha comunicación permanente cos organismos e foros internacionais, cuxas resolucións se relacionen directamente cos obxectivos do centro.

l) Prestar asesoramento nos asuntos relacionados coas funcións propias do centro.

#### Artigo 4. *Estrutura do Centro.*

Dependen funcionalmente do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral, co nivel orgánico que se determine na relación de postos de traballo, a División de Estudos e Planificación e a División de Cooperación e Asuntos Institucionais, que exercerán, respectivamente, as funcións que lle sexan asignadas pola Dirección Xeral do Centro.

#### Artigo 5. *Comisión executiva para a prevención e loita contra a contaminación marítima e do litoral.*

1. Créase, ao abeiro do disposto no artigo 40 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a Comisión executiva para a prevención e loita contra a contaminación marítima e do litoral, adscrita ao Ministerio da Presidencia.

2. A comisión encargarase de impulsar e encomendarlle ao centro a adopción das medidas oportunas para a adecuada coordinación da actividade da Administración xeral do Estado e, se é o caso, para a colaboración coas comunidades autónomas na prevención e loita contra a contaminación marítima e do litoral.

3. A comisión terá a seguinte composición:

a) Presidente: o director do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.  
b) Vogais:

1. Un representante, con rango de director xeral, por proposta do Ministerio de Defensa.

2. A directora xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.

3. O director xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

4. A directora xeral do Instituto Español de Oceanografía.

5. O director xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

6. O director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

7. O director xeral para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente.

8. O presidente do ente público Portos do Estado.

Así mesmo, poderán ser convocados delegados do Goberno nas comunidades autónomas e un representante de cada unha das comunidades autónomas afectadas polas actuacións que se deban emprender.

4. A comisión executiva será convocada por iniciativa do seu presidente, coa frecuencia necesaria para o cumprimento dos seus fins e, polo menos, unha vez trimestralmente, e axustará o seu funcionamento ás normas que esta aprobe ou, no seu defecto, ao disposto en materia de órganos colexiados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Anualmente a comisión elevará ao Goberno, a través da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, un informe sobre as actividades e medidas desenvolvidas polo centro.

#### Disposición adicional primeira. *Asunción das funcións do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige».*

1. As funcións relacionadas cos acordos transaccionais con particulares, convenios de colaboración con comunidades autónomas e corporacións locais e expedientes de compensación de determinadas perdas económicas, regulados no Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», e no Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo, polo que se adoptan determinadas medidas relacionadas cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», corresponderanlle ao Ministerio de Economía e Facenda a través da súa Subsecretaría, de acordo cos procedementos previstos na normativa de desenvolvemento dos referidos reais decretos leis.

2. As restantes funcións desempeñadas ata a data polo Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige» serán asumidas polo Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.

3. Para o exercicio das funcións sinaladas no número 1, a Subsecretaría de Economía e Facenda disporá dun informe sobre o estado de situación das actuacións a que se refire ese número e poderá demandar a colaboración que estime necesaria e, en particular, a do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.

#### Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos.*

Quedan suprimidos os seguintes órganos:

a) O Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige» e a Oficina do Comisionado, creados polo Real decreto 1/2003, do 3 de xaneiro, modificado polo Real decreto 1341/2003, do 31 de outubro.

b) Os Comisionados dos Ministerios de Fomento e Medio Ambiente e o Coordinador do Ministerio de Defensa para as actuacións derivadas da catástrofe do

buque «Prestige», creados polo Real decreto 101/2003, do 24 de xaneiro.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral encadrados nos órganos directivos suprimidos continuarán subsistentes ata que se aprobe a relación de postos de traballo adaptada á estrutura prevista neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 1/2003, do 3 de xaneiro, polo que se crea o Comisionado para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige», modificado polo Real decreto 1341/2003, do 31 de outubro.

b) O Real decreto 101/2003, do 24 de xaneiro, polo que se crean os Comisionados dos Ministerios de Fomento e Medio Ambiente e o Coordinador do Ministerio de Defensa para as actuacións dos respectivos departamentos derivadas da catástrofe do buque «Prestige».

c) O Real decreto 1220/2002, do 22 de novembro, polo que se crea a Comisión Interministerial para o seguimento dos danos ocasionados polo buque «Prestige», modificado polo Real decreto 4/2003, do 3 de xaneiro, e o Real decreto 102/2003, do 24 de xaneiro, polo que se ditan disposicións complementarias para o funcionamento da Comisión Interministerial para o seguimento dos danos ocasionados polo buque «Prestige».

d) A disposición adicional terceira do Real decreto 562/2004, do 19 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

e) O artigo 1.7 do Real decreto 1418/2004, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia.

f) A disposición adicional sexta do Real decreto 1477/2004, do 18 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente.

g) A disposición adicional primeira do Real decreto 1476/2004, do 18 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Economía e Facenda levará a cabo as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase a vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,  
JORDI SEVILLA SEGURA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**19488** REAL DECRETO 2179/2004, do 12 de novembro, que establece medidas de loita contra a febre aftosa. («BOE» 277, do 17-11-2004.)

As medidas de loita contra a febre aftosa están contidas no Real decreto 2223/1993, do 17 de decembro, que establece as medidas de loita contra a febre aftosa e as de sanidade animal nos intercambios intracomunitarios e importacións de animais das especies de bovino, porcino, de carnes frescas ou de produtos a base de carnes procedentes de países terceiros.

A Unión Europea estableceu novas medidas de loita contra a febre aftosa mediante a Directiva 2003/85/CE do Consello, do 29 de setembro de 2003, relativa a medidas comunitarias de loita contra a febre aftosa, que derroga a Directiva 85/511/CEE e as decisións 89/531/CEE e 91/665/CEE e modifica a Directiva 92/46/CEE.

Esta regulación ten en conta a epizootia de febre aftosa que se produciu en certos Estados membros en 2001, que demostrou que un foco pode tomar rapidamente proporcións de epizootia e causar perturbacións en toda a Unión Europea; o informe de 1998 dos grupos de expertos dos Estados membros sobre unha revisión da lexislación comunitaria relativa á febre aftosa; as conclusións da Conferencia Internacional sobre a Prevención e o Control da Febre Aftosa, celebrada en Bruxelas en decembro de 2001; a resolución do Parlamento Europeo, do 17 de decembro de 2002, sobre a epizootia de febre aftosa de 2001 na Unión Europea; as recomendacións do informe de 1993 da trixésima sesión da Comisión Europea para a Loita contra a Febre Aftosa, da Organización para a Agricultura e a Alimentación, e os cambios introducidos no Código Zoonosanitario e no manual de normas da Oficina Internacional de Epizootias (OIE) para as probas de diagnóstico e as vacinas da OIE.

Este real decreto estruturase en cinco títulos, dedicados:

a) O título I, ás disposicións xerais.

b) O título II, á loita contra focos, dividido en nove capítulos, que regulan, respectivamente, a notificación da enfermidade; as medidas en caso de sospeita; as medidas en caso de confirmación; as medidas en casos especiais; as explotacións constituídas por diferentes unidades de produción epizootiolóxicas e explotacións de contacto; as zonas de proxección e vixilancia; a rexionalización, control de movementos e identificación; a vacinación; e a recuperación da consideración de libre de infección e de febre aftosa.

c) O título III, ás medidas preventivas, e regula en sete capítulos os laboratorios e establecementos que manipulen virus da febre aftosa; o diagnóstico da enfermidade; o plan de alerta e exercicios de alerta en tempo real; os centros de loita e grupos de expertos; os bancos de antixenos e vacinas; a febre aftosa noutras especies; e as garantías complementarias para o intercambio intracomunitario.

d) O título IV, aos intercambios con países terceiros.

e) O título V, finalmente, ás medidas de aplicación, e comprende o réxime sancionador e o procedemento de adopción de medidas epizootiolóxicas especiais.

Desta regulación convén destacar que se prevén medidas preventivas para evitar a chegada da febre aftosa á Unión Europea e ao gando, a partir de países veciños ou pola introdución no territorio da Unión de animais vivos e de produtos de orixe animal, actuacións inmediatas tan axiña como se sospeite a presenza da enfermidade, para, se se confirma, aplicar medidas de loita inmediatas e efi-